



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso  
administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2023/G010/000004  
Sesión núm. 04/2023-Pleno

## DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Convocar sesión do Pleno do Concello nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

**Sesión de:** Pleno  
**Convocatoria:** Ordinaria

**Data da sesión:** 30 de marzo do 2023  
**Hora:** 20.00  
**Lugar:** Salón dos plenos da casa do concello

### ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas (sesións 02 e 03/2023).
- 2º.- Plan de Mobilidade Sostible do Concello de Sada (PMS).
- 3º.- Modificación de crédito 12/23. Transferencia de crédito 11/23: expediente recoñecemento extraxudicial 1/2023.
- 4º.- Modificación bases de execución do orzamento 1/23: subvención nominativa Culturmar para o EETG en Sada.
- 5º.- Ordenanza fiscal Reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral.
- 6º.- Ordenanza de administración electrónica.
- 7º.- Regulamento de uso das instalacións deportivas
- 8º.- Regulamento da agrupación de voluntariado de protección civil do concello de Sada.
- 9º.- Modificación do posto de traballo código da RPT: 090002 denominado TAX Urbanismo, Medio Ambiente e Policía Urbana.
- 10º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
  - A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 16 de febreiro do 2023 (núm. 299) ata o 24 de marzo do 2023 (núm. 554).
  - B. Mocións.
  - C. Rogos e preguntas.

**SEGUNDO:** Dar traslado da presente Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

**TERCEIRO:** Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente pola alcaldesa, María Nogareda Marzoa, e polo secretario acctal. do Concello, Juan Esteban Méndez Leiva, o 27 de marzo do 2023.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).